



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE MARZO DE 2014

LICENZAS

LIC/1492/2013.-CELESTINO CARRACEDO LIÑARES.- Conceder a licenza para construción de vivenda aillada unifamiliar en Lugar de Enfesta, Aldea de Abaixo.

LIC/170/2014.- C.D. CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN Y REFORMAS S.L.U.-Conceder a licenza para instalación de tres ascensores en Avda. de Villagarcía nº 38 e Rúa García Prieto nº 2 e 4.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS.-

LIC/178/2014.- ANDRES MONTOIRO PEREIRA – Conceder a licenza de parcelación na Rúa Canizo nº 8.

3 a 47.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

48.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á autorización de traspaso da caseta da Praza de Abastos número NC039, da titularidade de "Mercado de Abastos de Santiago, SCG, a favor de D. Luis Vázquez Guerra.

Apróbase a proposta.

49.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á autorización de transmisión da caseta da Praza de Abastos número "NA369", da titularidade de dona MARÍA JOSEFA CODESIDO MILLÁN, a favor da súa filla dona MARÍA ISABEL SUÁREZ CODESIDO.

Apróbase a proposta.

50.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á autorización de transmisión das casetas da Praza de Abastos núm. "NC81", "NC82" e "NC83", da titularidade de D. RAMÓN ISORNA VITURRO a favor do seu fillo D. RAMÓN ISORNA LAFUENTE.

Apróbase a proposta.

51.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa a autorización para o desenvolvemento dun Torneo de Rol.

A XGL aprobou, a proposta da concelleira de Xuventude, o Torneo de Rol que se celebrará no CSC O Ensanche. Trátase dun tipo de xogo que non ten nin fichas nin regras tan só se basea na interpretación dun personaxe por parte dos xogadores. O diálogo, a imaxinación e a aventura son as premisas para este tipo de xogos que permiten socializarse. O orzamento desta acción será de 700 €.

52.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á apertura de prazos de matrícula na Escola Municipal de Música para o curso 2014-2015.

A proposta da Concelleira de Educación, a XGL aprobou os prazos de matrícula na Escola Municipal de Música para o Curso 2014-2015.

Os prazos serán:

- Alumnado actual do centro: do 1 ao 11 de abril.
- Novo alumnado 1ª convocatoria: do 9 ao 20 de xuño.
- Novo alumnado 2ª convocatoria: do 1 ao 31 de xullo.
- Novo alumnado 3ª convocatoria: do 1 ao 30 de setembro.

A matrícula ten un custe de 59,50 € e despois unha cuota mensual que varía entre 35,65 € e 53,50 € en función da actividade.

53.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da memoria programática e económica da XIV Edición da Campaña de Animación á Lectura, "Mamá".

A XGL aprobou a XIV Campaña Municipal de animación á lectura MAMÁ que se desenvolverá entre o 22 de abril e o 31 de maio. Trátase de achegar a lectura aos nenos e de crear un clima agradable e motivador que favoreza a escoita e o poder da palabra como elemento evocador e promover as tradicións e expresións orais. Haberá visitas guiadas, obradoiros de ilustración, obradoiro de escrita creativa e sesións de contos para bebés. O orzamento destinado a esta campaña é de 21.185,19 €.

54.- Imposición penalidade a CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS SL por incumprimento na execución do contrato "Obras de Rehabilitación de edificación destinada a CATALIZADOR CULTURAL no parque de Belvís, incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013".

Á vista dos informes do Departamento de Contratación e da Intervención Municipal, a XGL aprobou a imposición dunha penalización de 17.389,77 € á empresa Construcciones en Piedra Sigrás S.L. xa que se demostrou que na obra que esta empresa levou a cabo destinada a Catalizador Cultural no Parque de Belvís acumulou un retraso no período de execución de 145 días sobre o prazo ofertado. A cantidade a pagar pola empresa resulta de aplicar o 10% de penalización sobre o orzamento da obra no contrato que ascendía á cantidade de 173.897,74 € de acordo o que marca a normativa vixente.

55.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao rexeitamento dos recursos de reposición interpostos contra a aprobación definitiva do proxecto de expropiación para a xestión do SUNP-5 (A Muíña).

A XGL resolveu os recursos presentados xa que tendo esta parcela a consideración de litixiosa e tendo en conta que o Concello non é competente para a atribución de titularidades e non producíndose ningunha circunstancia nova procede o rexeitamento dos recursos.

56.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á denominación de "Parque das Ciencias Padre Sarmiento" ao parque de San Roque.

Este xardín ubicado detás do vello Hospital de San Roque foi acondicionado fai anos pero era un lugar anodino e carente de mobiliario. O Concello pretende converter este espazo nun sitio mellor aproveitado no que se ubicará un parque infantil e no que no futuro podería engadirse un circuíto biosaudable. Ademais os bancos que se instalen levarán un placa con nomes de científicos que a Real Academia Galega ten homenaxeado. En relación con isto a XGL aprobou que este parque se denomine Parque das Ciencias Padre Sarmiento.

59.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a correccións de erros no punto número 2 da sesión de 11 de marzo de 2014.

En relación sobre este punto a corrección consistiú en substituír o orzamento do proxecto do Proxecto de renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla. No sitio onde di o acordo que o orzamento é de 42.295,41 € debe dicir 45.295,41 €.

60.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible para dar conta da remisión de documentación solicitada á fiscalía provincial da Coruña - Sección de delitos medioambientais de Santiago.

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible deuse conta á XGL do envío de documentación sobre o proxecto de reforma de accesos en rúa Galeras e Domingo García Sabell á fiscalía provincial da Coruña - Sección de delitos medioambientais de Santiago.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a UNED para a realización do practicum do alumnado do master de Psicoloxía Xeral sanitaria.

2- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación da subida das tarifas de prezos para 2014 dos servizos da empresa TANATORIO SAN LAZARO SL.

3.- Propostas da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a diversas axudas de carácter social.

4.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Administración Pública relativa a considerar firme o acordo de data 18.12.13, de inadmisión de recurso especial de contratación.

5.- Dar conta da concesión da subvención e de consideración de aula de referencia do Plan de inclusión dixital de Galicia,pola Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia.

6.- Apróbase a prórroga do contrato de alumeado público.